



Análise FGE

Fondo Social para o Clima (FSC)

Analizamos o *Fondo Social para o Clima (FSC)*, destinado a políticas que aborden a repercusión social da introdución do **réxime de comercio de dereitos de emisión para os edificios e o transporte por estrada** en 2027.

Data de publicación: abril de 2025

Contacto: bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu



Contido

1. Ámbito de aplicación.....	3
2. Plans sociais para o clima	4
3. Medidas e investimentos admisibles.....	5
4. Axudas directas á renda	6
5. Orzamento	7
6. Contexto.....	8
7. Máis información.....	9

1. Ámbito de aplicación

O Fondo Social para o Clima (FSC) **comezará a funcionar en 2026** proporcionando recursos ós Estados membros para que estes apoiem **políticas que aborden a repercusión social da introdución do réxime de comercio de dereitos de emisión para os edificios e o transporte por estrada en 2027** nos¹:

- **Usuarios vulnerables do transporte:** persoas e fogares en situación de pobreza de transporte, incluídos os que teñen ingresos baixos e medios-baixos, e que non dispoñen de medios para adquirir vehículos de emisión cero e de baixa emisión, ou para pasar a modos de transporte sostible alternativos, incluído o transporte público.
- **Fogares vulnerables:** aqueles que sofren pobreza enerxética, incluídos os que teñen ingresos baixos e medios-baixos, e que carecen de medios para renovar o edificio que ocupan.
- **Microempresas vulnerables:** aquelas que non dispoñen de medios para renovar o edificio que ocupan, adquirir vehículos de emisión cero ou de baixa emisión, ou pasar a modos de transporte sostibles alternativos, incluído o transporte público

Isto ten que lograrse a través de axudas temporais e directas á renda e de medidas e investimentos orientados a reducir a dependencia dos combustibles fósiles mediante:

- Unha maior eficiencia enerxética dos edificios.
- A descarbonización da calefacción e a refrixeración dos edificios, incluída a integración da enerxía procedente de fontes renovables.
- A garantía dun mellor acceso á mobilidade e ó transporte de emisión cero e de baixas emisións.

¹ Regulamento polo que se establece un Fondo Social para o Clima. Artigo 2.

2. Plans sociais para o clima

Cada Estado membro deberá elaborar un Plan Social para o Clima que **será presentado a máis tardar en xuño de 2025** para ser avaliado pola Comisión Europea, quen poderá formular observacións ou solicitar información adicional nos dous meses seguintes. Unha vez aprobado, asinarase un acordo entre o executivo comunitario e o Estado membro en cuestión, no que se establecerá o compromiso financeiro para o uso do diñeiro no marco do fondo.

Os Plans deberán perseguir dous obxectivos:

1. Proporcionar ós usuarios de transporte, microempresas e fogares vulnerables os recursos precisos para financiar e levar a cabo investimentos en eficiencia enerxética, descarbonización da calefacción e refrixeración, vehículos e mobilidade de cero e de baixa emisión, en particular a través de bonos, subvencións e préstamos sen intereses.
2. Mitigar o impacto do aumento do custo dos combustibles fósiles nos máis vulnerables e así evitar a pobreza enerxética e a pobreza de transporte.

Os Plans terán que ser presentados tras unha consulta pública coas "autoridades locais e rexionais, os representantes dos interlocutores económicos e sociais, as organizacións da sociedade civil pertinentes, as organizacións civís e outras partes interesadas"². Tal proceso (alcance, calendario, impresións das partes interesadas) deberá ser resumido no propio Plan.

² Ibid., artigo 5.

3. Medidas e investimentos admisibles³

- **A renovación de edificios**, especialmente para os fogares vulnerables e as microempresas que ocupan os edificios con peores resultados, incluídas as persoas inquilinas e as que viven en vivendas sociais.
- **O acceso a vivendas accesibles e eficientes** desde o punto de vista enerxético, incluídas as vivendas sociais.
- **A descarbonización dos edificios**, como a electrificación da calefacción, a refrixeración e a cociña, mediante o acceso a sistemas accesibles e eficientes desde o punto de vista enerxético.
- **A integración da xeración e o almacenamento de enerxías renovables**, en particular mediante as comunidades de enerxías renovables, as comunidades cidadás de enerxía e outros clientes activos para promover a adopción do autoconsumo de enerxía renovable.
- **A información, educación, concienciación e asesoramento selectivos** acerca das medidas e investimentos rendibles, o apoio dispoñible para as renovacións de edificios e a eficiencia enerxética, así como as alternativas de mobilidade e transporte sustentables e accesibles.
- **O acceso a vehículos de emisión cero e de baixa emisión e bicicletas**, incluídas as axudas financeiras ou incentivos fiscais.
- **As infraestruturas públicas e privadas**, incluída a compra de vehículos de emisión cero e de baixa emisión, a infraestrutura de recarga e subministración e o desenvolvemento dun mercado de vehículos de emisión cero de segunda man.
- **Os incentivos para o uso dun transporte público accesible e asumible.**
- **Incentivos a entidades privadas e públicas** que desenvolven e ofrecen mobilidade sustentable baixo demanda, servizos de mobilidade compartida e opcións de mobilidade activa.

³ Ibid, artigo 8. Terán un carácter nacional e, cando proceda, local e rexional (artigo 4.4).

4. Axudas directas á renda

Os Plans poderán incluír **medidas nacionais de axuda directa á renda** para os fogares e usuarios vulnerables do transporte co fin de reducir o impacto do incremento dos prezos do combustible para o transporte por estrada e para a calefacción⁴, a cales deben:

- Ser **temporais e diminuír co paso do tempo**, xa que “non abordan as causas profundas da pobreza enerxética e da pobreza do transporte”
- **Non representar máis do 37,5 % dos custos totais previstos no plan.**

Os Plans poderán acoller estas axudas directas á renda sempre que tamén recollan medidas e investimentos con repercusións duradeiras dirixidas ós fogares vulnerables e ós usuarios de transporte vulnerables que reciban tales axudas.

⁴ Ibid, artigo 4.3

5. Orzamento

O FSC financiarase con **65 000 millóns de euros (a prezos correntes) durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2032**⁵. A cada Estado membro, ademais, correspóndelle a asignación establecida no Anexo II do regulamento do fondo. No **caso español, esta asignación suporá o 10,52% do total do FSC** (uns 6 000 millóns de euros).

Os Estados membros deberán contribuír polo menos ó 25% dos custos totais estimados do seu Plan e poderán **solicitar unha transferencia de recursos** ó FSC procedentes de **programas da política de cohesión en réxime de xestión compartida**⁶. Os estados membros tamén poden transferir ata un 15% da súa asignación do fondo ó programas da política de cohesión.

Os pagos das asignacións financeiras do fondo non se levarán a cabo ata que o Estado membro non cumpra cos obxectivos establecidos no seu Plan Social para o Clima.

⁵ Unha parte dos ingresos xerados pola poxa dos dereitos de emisión derivados da inclusión dos edificios e o transporte por estrada no ámbito de aplicación da Directiva 2003/87/CE empregárase para abordar a repercusión social derivada desta inclusión.

⁶ Aqueles establecidos polo **Regulamento** 2021/1060, como o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo de Transición Xusta (FTX) ou o Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

6. Contexto

En xullo de 2021, a Comisión Europea presentou "Obxectivo 55" (*Fitfor55*), un paquete legislativo que ten como propósito impulsar, de aquí a 2030, a redución en polo menos un 55% das emisións de gases de efecto invernadoiro con respecto aos niveis de 1990, como paso previo para acadar a neutralidade climática en 2050. Este obxectivo intermedio, que se incrementou en 15 puntos porcentuais grazas á ambición da Lei do Clima Europea, fixo necesario revisar os instrumentos pertinentes para cumprir coas reducións adicionais de emisións, para así adaptar as políticas da UE en materia de clima, enerxía ou transporte.

No marco do conxunto de propostas, pódese atopar unha relativa á creación dun novo réxime de comercio de dereitos de emisión que cubra as emisións dos edificios e do transporte por estrada. Ante o risco de que as empresas deste dous sectores repercutan este novo custo nos consumidores finais e para que isto non afecte ós fogares máis desfavorecidos, a Comisión Europea propuxo a creación dun Fondo Social para o Clima.

7. Máis información

- **Regulamento 2023/955** de 10 de maio de 2023 polo que se establece un Fondo Social para o Clima e se modifica o Regulamento 2021/1060.
- **Directiva 2003/87/CE** de 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Unión e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello.